

CONCURSO DE CURRÍCULOS PORREMPREGO

A primeira edición do Concurso de CV Porremprego, ponse en marcha con motivo da celebración do II Feirón do Emprego e a Formación do Porriño, co obxectivo de favorecer e implicar activamente a cidadanía nun efectivo proceso de inserción laboral.

Dita concurrencia consistirá na realización dun currículo da forma máis orixinal e atractiva, o tempo que sexa capaz de transmitir as capacidades, competencias, habilidades, estudos e formación de calquera persoa que se atope nun proceso de búsqueda de emprego ou trate de mellorar aquela ocupación que xa posee.

BASE 1

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 14 anos que, inscritas como participantes en algunha das actividades organizadas o abeiro do II Feirón do Emprego e a Formación do Porriño, cumprimenten o correspondente formulario de solicitude en tempo e forma.

No caso de que o participante sexa menor de idade, deberá aportar autorización do pai, nai ou representante legal conforme o modelo adxunto.

BASE 2

O obxecto do presente certame será a presentación dun currículo vitae innovador, para o cal poderanse utilizar tódolos medios que se estimen oportunos susceptibles de pasmarse en formato papel ou soporte informático.

A temática a desenvolver será o deseño do currículo cun formato diferente, atractivo, creativo e funcional, que conteña tódolos datos persoais e profesionais do candidato o galardón.

BASE 3

Os interesados en participar no presente certame, deberán cumprimentar a solicitude adxunta acompañada do currículo en soporte documental ou dixital, entregando a documentación requirida nas dependencias da Concellaría de Emprego e Formación do Porriño, sitas en Ribeira s/n 36410 - Torneiros, O Porriño, ou ben no Stand establecido ao efecto no Polideportivo Municipal do Porriño con II Feirón do Emprego e a Formación.

A documentación requirida na solicitude de participación, deberá ser entregada en sobre cerrado identificado co nome apelidos, e DNI do participante.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día da súa publicación, ata as 9.30 do venres 23 de novembro de 2012.

BASE 4

O xurado do certame, estará composto por tres membros da Concellaría de Emprego e Formación do Porriño, podendo participar no mesmo responsables de distintas empresas invitadas, colaboradoras do Servizo Porremprego.

Reservarase os membros do xurado, o dereito de interpretación destas bases, así como a retirada do premio a aquel participante que efectúe un uso fraudulento do mesmo, vulnerando as normas que rexen a súa celebración.

O fallo do xurado darase a coñecer o 23 de novembro de 2012 con motivo do acto de clausura do II Feirón do Emprego e a Formación do Porriño.

BASE 5

O premio para os tres currículos gañadores consistirá nunha Pantalla Tablet coas seguintes características técnicas:

- Pantalla: 7" (800x480)

- CPU: Doble Núcleo 1Ghz
- Memoria Interna: 4 GB
- RAM: 1 gb DDR3
- Lector de tarxetas MicroSD, cámara VGA, USB, auriculares, WI-FI ...

BASE 6

Valorarase a orixinalidade a hora de interpretar a temática do concurso, a técnica utilizada para transmitir a idea, a presentación da obra, así como os seguintes elementos:

- Claridade na exposición.
- Calidade no contido da mesma.
- Orde e limpeza.
- Adecuación do currículo o posto para o que se opta.
- A aportación de valor engadido con respecto os demais currículos participantes no certame.

BASE 7

A Concellaría de Emprego e Formación do Porriño, reservase o dereito a suspender o certame no caso de consideralo necesario, así como a tomar todas as decisións que considere oportunas no desenvolvemento do mesmo, resolvendo as posibles incidencias que se rexistren do xeito que considere oportuno.

BASE 8

A participación neste certame implica a total aceptación das presentes bases, así como a autorización para a exposición pública e gratuita dos

traballos finalistas, cedendo os dereitos de reprodución, divulgación e publicación.

BASE 9

A comprobación da existencia de datos non axustados a realidade comportará a denegación do premio sen perxizo das responsabilidades nas que poidesen incurrir os solicitantes.

BASE 10

En cumprimento da Lei 15/1999, de Protección de Datos de Caracter Persoal, informase que os datos persoais recabados non serán incorporados a ficheiro algún e trataranse de conformidade coa normativa vixente, coa única finalidade de participar neste certame.

FOLLA DE INSCRIPCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NA I EDICIÓN DO CONCURSO DE CURRÍCULOS PORREMPREGO

D./Dna. _____ con D.N.I. _____ e
domicilio e efectos de notificacións en _____
_____, C.P. _____, cidade _____
teléfono _____ e enderezo electrónico _____

SOLICITA

participar na I edición do Concurso de Currículos Porremprego,
manifestando o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que regulan
a súa convocatoria, adxuntando a documentación requerida o efecto.

En O Porriño, a ____ de novembro de 2012

Asdo: _____

AUTORIZACIÓN PARA MENORES DE IDADE

D./Dna. _____ con D.N.I. _____
en calidade de pai, nai ou tutor legal de _____
con D.N.I. _____, autoriza a súa participación na I Edición do
Concurso de Currículos Porremprego.

En O Porriño, a ____ de novembro de 2012.

Asdo. _____

O Alcalde

O Secretario

D. José Nelson Santos Argibay

D. Eduardo Portela Fernández

O Interventor